

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

O esquema que aparece a continuación está elaborado a partir dos artigos 8 e 10 da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (DOG 11-2-2022)

PROMOCIÓN DE CURSO

⇒ Promociona:

2. Alumnado que **aprobou todas as materias**.
3. Alumnado que **suspendeu 1 ou 2 materias** (deberá recuperalas no curso seguinte seguindo un plan de reforzo)

1. Alumnado que **suspendeu máis de 2 materias**.

O equipo docente poderá decidir a promoción **sempre que se cumbran todas** as condicións seguintes:

- Media aritmética de todas as materias igual ou superior a 5 puntos.
- O equipo docente considera que:
 - A natureza das materias non superadas permítelle seguir con éxito o curso seguinte.
 - Ten expectativas favorables de recuperación.
 - A promoción beneficiará a súa evolución académica

MATERIAS PENDENTES

- O alumnado seguirá un plan personalizado de reforzo en cada unha das materias pendentes.
- Seguimento do plan en cada avaliación.

REPETICIÓN DE CURSO

- Máximo de 2 veces no ensino obrigatorio (Primaria + ESO).
- Só 1 vez máis no mesmo curso.
- Excepcionalmente, unha vez máis en 4º ESO.
- O alumnado que repita deberá seguir un plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para el.

TÍTULO DA ESO

⇒ Titula:

2. Alumnado que **aprobo** todas as materias da etapa.

1. Alumnado que **non aprobou todas as materias ou ámbitos** da ESO. O equipo docente poderá decidir a titulación **sempre que se cumpran todas** as condicións seguintes:

- Media aritmética de todas as materias nas que estea matriculado nese ano sexa igual ou superior a 5 puntos.
- O equipo docente considera que:
 - A alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
 - A alumna ou o alumno alcanzou os obxectivos da etapa.